

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006531	IES Lucus Augusti	Lugo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	2º ESO	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

1. Introducción

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos de diferentes ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oríéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refírese á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora, e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos sublíñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o sétimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», correspóndese de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de produción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunhas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Agua limpia	En esta unidad estudiaremos la comunicación y el texto en todos sus tipos generales. También estudiaremos las palabras y sus significados. Repasaremos también las reglas generales de acentuación.	15	20	X		
2	Proyecto de vida	El texto narrativo y el descriptivo serán objeto de estudio en esta unidad. Comenzaremos también el estudio del enunciado en sus dos versiones: el sintagma y la oración. Repasaremos la acentuación de diptongos, triptongos e hiatos, y casos especiales de acentuación.	10	15	X		
3	Hora de actuar	Los textos prescriptivos así como los pertenecientes a la vida cotidiana serán trabajados en esta unidad. Iniciaremos también el estudio del sintagma nominal, adjetival, adverbial y preposicional. Acabaremos la unidad con un repaso de las reglas ortográficas de uso de la g y la j.	10	15	X		
4	Me siento bien	En el apartado de comunicación estudiaremos el texto expositivo, argumentativo y dialogado. Iniciaremos el estudio del sintagma verbal y repasaremos la ortografía de la letra h.	10	15		X	
5	En buena compañía	En esta unidad estudiaremos los textos periodísticos y publicitarios. Continuaremos el estudio del sintagma verbal y de la ortografía de las letras b y v.	10	15		X	
6	Mi tribu	Empezaremos en esta unidad el estudio del hecho literario con el texto literario. Continuaremos trabajando el sintagma verbal y repasaremos la ortografía de las palabras homófonas con o sin h y con o sin b y v.	15	15		X	
7	Bichos fascinantes	Estudiaremos en esta unidad el género narrativo y el didáctico. También las clases de oraciones y la ortografía de ll e y así como la de las letras c, z, qu y k.	10	15			X
8	Cruce de caminos	En esta unidad abordaremos el estudio del género poético y comenzaremos a trabajar el análisis sintáctico. También comenzaremos el repaso de los signos de puntuación.	10	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Mejor con una sonrisa	Iniciaremos esta unidad con estudio del género teatral y el cine. También abordaremos el estudio de las lenguas de España. Finalizaremos aquí el repaso de los signos de puntuación.	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Agua limpia	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura.	Os alumnos e as alumnas teñen que discriminar a información en función da súa fiabilidade e pertinencia á hora de documentarse para elaborar textos expositivos.	PE	100
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.	Os textos expositivos que elabore o alumnado axustaranse ao esquema básico de introdución, desenvolvemento e conclusión, cunha ordenación lóxica dos contidos (estrutura analizante ou sintetizante).		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá prestar especial atención ás relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Análise das propiedades textuais en textos sinxelos: coherencia, cohesión e adecuación. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. <ul style="list-style-type: none"> - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. <ul style="list-style-type: none"> - Respecto polas propiedades textuais nos escritos propios: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre os cambios no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Proyecto de vida	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado deberá recoñecer os procedementos expositivos máis habituais: definicións, enumeración de propiedades, exemplificacións e analoxías.	PE	70
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, mostrando precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá incorporar aos seus textos expositivos vocabulario rigorosamente denotativo, tecnicismos, conectores textuais para organizar a información e oracións de modalidade enunciativa.		
CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado deberá facer un uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Comprensión e análise crítica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás dialogadas e expositivas. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Utilización de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
3	Hora de actuar	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto expositivo e a información máis importante.	PE	100
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e dos instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	As alumnas e os alumnos terán que elaborar borradores e presentar textos expositivos escritos ben estruturados nos que expliquen a cuestión tratada de forma clara e ordenada.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado deberá verificar o uso da terceira persoa, o predominio do presente de indicativo, o uso habitual das oracións impersonais e atributivas, así como o emprego recorrente da coordinación.		
CA5.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos, utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado identificará as clases de palabras e explicará, como mínimo, a mudanza de categoría gramatical mediante a utilización de afixos. Deberá recoñecer tamén as funcións sintácticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Emprego de recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
4	Me siento bien	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá ser capaz de identificar as categorías gramaticais predominantes nas diferentes tipoloxías textuais en función do propósito comunicativo.	PE	25
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Os alumnos e as alumnas terán que valorar a axilidade e a naturalidade propias dos textos dialogados e identificar o uso de vocativos, retrousos, interxeccións e exclamacións.	TI	75
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado, adoptando actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Ademais de participar activamente e respectar a quenda de palabra, o alumnado deberá ser claro e cortés: ofrecerá opcións sen impoñer o seu criterio, cooperará e recorrerá a usos verbais mitigadores.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos, abarcando o ámbito persoal, educativo e social.	O alumnado deberá coñecer e respectar as normas de interacción e de cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a exposición.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Creación de secuencias textuais, con especial atención ás dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos do ámbito educativo: elaboración de exposicións orais e escritas.
- Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Producción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Emprego de conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas) e coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. Orde das palabras e concordancia.

UD	Título da UD	Duración
5	En buena compañía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información máis relevante dos textos dialogados.	PE	75
CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado prestará especial atención á adecuación (registro), o respecto polas convencións dos textos expositivos, a ortografía, a presentación e a elección correcta do léxico.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Mediante a transformación de enunciados, o alumnado incluírá propostas de mellora atendendo á relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple.		
CA3.1 - Realizar exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias do xénero discursivo, con fluidez, coherencia, cohesión e co registro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado será quen de producir textos expositivos orais adecuados, coherentes e ben cohesionados con fluidez, adaptándose ao tempo predeterminado.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Alfabetización mediática e informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento, comunicación e difusión creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Utilización de plataformas virtuais e de recursos na Rede para a realización de proxectos escolares. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Utilización dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

UD	Título da UD	Duración
6	Mi tribu	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.	PE	100
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	O alumnado será quen de compartir coa clase a análise comparativa entre a novela gráfica Persépole e a súa versión teatral, incidindo nas consecuencias das desigualdades sociais vinculadas á muller.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise dos mecanismos de cohesión. Conectores textuais temporais, explicativos, de orde e de contraste. Mecanismos de referencia interna gramaticais (substitucións pronominais e adverbiais) e léxicos (repeticións, sinónimos, campos semánticos, hiperónimos e elipses). - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Estratexias para a recomendación das lecturas, en soportes variados, ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción. - Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
7	Bichos fascinantes	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado será capaz de interpretar coa axuda dunha guía de lectura os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á corrente literaria á e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.	PE	35
CA2.8 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado terá que detectar, como mínimo, os usos sexistas e discriminatorios na linguaxe verbal e icónica.	TI	65
CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Cada alumno/a escollerá dous poemas da escolma proporcionada en clase e expresará de forma argumentada os motivos da súa elección, vinculándoos con outras mostras poéticas coñecidas por el/ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Alfabetización informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados e da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.

UD	Título da UD	Duración
8	Cruce de caminos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Os alumnos e as alumnas terán que deducir o significado das palabras a partir de formantes coñecidos e utilizar adecuadamente o dicionario nos restantes casos.	PE	100
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e características formais e temáticas presentes en Persépole e na súa adaptación teatral, valorando o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.7 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado establecerá vínculos entre Persépole, a súa versión teatral e outras obras que denuncian as desigualdades de xénero, relacionándoos con outras expresións artísticas como o cómic.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.

UD	Título da UD	Duración
9	Mejor con una sonrisa	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España coma das que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns dos seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as variedades dialectais do castelán.	PE	85
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal partindo da análise da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos. Iniciará unha aproximación ás linguas de signos.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, así como a manipulación a través da palabra, partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar os elementos verbais e non verbais que resulten discriminatorios.		
CA2.6 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e coa comunicación da información.	O alumnado deberá ser capaz de valorar a fiabilidade das fontes nas que se informa e ser consciente dos perigos que supón para a privacidade facilitar información persoal na Rede.		
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado será quen de comprender e analizar composicións seleccionadas da lírica actual, interpretando axeitadamente a intención do emisor e a situación comunicativa descrita.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Nun obradoiro de escritura creativa, o alumnado será quen de producir mostras de cadáveres exquisitos e poemas elásticos, en diversos formatos, respectando as convencións xenéricas e artísticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais acerca de obras literarias, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado realizará unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade expositiva e solidez argumentativa as súas achegas arredor dos temas da novela gráfica Persépole.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación ás linguas de signos. - Comparación de trazos das principais variedades dialectais do castelán, con especial atención á do propio territorio. - Iniciación á reflexión interlingüística. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Detección dos recursos lingüísticos para mostrar a implicación do emisor nos textos: formas de deíxe (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada, a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia e da etapa, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos/as estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: aplicación de adaptacións curriculares significativas, dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, agrupamentos flexibles, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (comprensión e expresión oral e escrita, comunicación, reflexión lingüística, educación literaria, resolución de problemas, razoamento lóxico,

desenvolvemento do pensamento abstracto...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais e temáticas.

-Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis, textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-Realización dun obradoiro de lectura e escritura creativa na aula para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos de actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos ou menú literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de

vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma e ao contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

Outras decisións metodolóxicas: materiais, recursos, agrupacións, reforzos.

Como material básico empregaremos fundamentalmente o Libro de Lingua e Literatura Castelá de 2º ESO da editorial Anaya.

Ademais, notas a cargo do profesorado, recursos en liña, libros de lectura, dicionarios en liña e en papel.

Tal e como se especifica no apartado seguinte, se na avaliación inicial se detecta que algún alumno presenta dificultades de aprendizaxe, o profesorado podería adaptar a metodoloxía con actividades de reforzo. Esta medida reflectirase na correspondente avaliación.

No caso de que o profesorado, oído o Departamento de Orientación, considere insuficiente esta medida, realizaríase unha adaptación curricular.

ADAPTACIÓN Á ENSINANZA NON PRESENCIAL

Tanto no caso da docencia presencial como non presencial, o profesorado disporá dunha aula virtual na páxina do centro, onde porá o material a disposición do alumnado.

necesario.

Ao comezo do curso dedicaranse unha ou dúas clases presenciais para explicar o funcionamento da aula virtual, facendo especial mención aos seguintes aspectos:

- Todos os traballos e exercicios presentados por medios telemáticos realizaranse preferentemente a través desta plataforma, aínda que, se o profesor o considera oportuno, tamén se poderán utilizar outros.

- O profesor entregará un horario para aclarar dúbidas e un correo electrónico. Fóra deste horario non se contestarán preguntas.

- A entrega dos traballos deberá atermos **NECESARIAMENTE** ao prazo establecido. Non se admitirá ningún traballo, exercicio, deberes que se entreguen fóra de prazo.

- Solicitarase un tratamento correcto e un uso formal da lingua.

- As obras deberán estar asinadas.

ASUNCIÓN DA ENSINANZA MIXTA:

No caso de que cheguemos a unha situación de aprendizaxe mixta, establecerase a clase presencial como prioridade para a explicación da materia. As sesións na casa estarán dedicadas a exercicios.

CASO DE ENSINANZA NON PRESENCIAL:

No caso de que teñamos que confinarnos máis de 15 días, o profesor establecerá unha sesión de explicacións a través de plataformas virtuais, e o resto de exercicios. Para a entrega do mesmo, remitimos ao anterior.

En todo caso, os exames serán **PRESENCIAIS**, salvo que as autoridades sanitarias non o permitan.

Se fose o caso de, polo menos, unha avaliación completa con docencia non presencial, as porcentaxes de cualificación serían as seguintes:

- 60% exames

- 10% lectura de libros

- 30% actividades e traballo na casa

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Como material básico utilizaremos fundamentalmente el Libro de 2º ESO de Lengua castellana y literatura de la editorial Anaya.
Ordenadores Edixgal
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Material fotocopiable
Pizarra dixital
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Además, apuntes dados por el profesorado, recursos en red, libros de lectura, diccionarios online y en papel.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar tamén con discursos extraídos dos xéneros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión e crítica, pretende favorecer o hábito lector do alumnado, partindo de textos próximos aos seus intereses e expectativas para ir achegándoos progresivamente á literatura clásica.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Dicionario da Real Academia Española: www.rae.es
 Dicionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd
 Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>
 Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
 Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
 Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabrvirtual.com
 Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
 Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>
 Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
 Prácticas de lectura intensiva e comprensión lectora: <http://www.xtec.cat/~jgenover/complec.htm>
 Biblioteca dixital con máis de catro mil títulos de Literatura clásica e contemporánea en castelán: <http://eleo.mecd.gob.es/opac/?locale=es#indice>
 Plataforma educativa para traballar a comprensión lectora: <https://www.intralineas.com/>
 Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
 Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
 Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
 Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>
 Exercicios interactivos para traballar o léxico: <http://www.xtec.cat/~jgenover/lexico.htm>
 Actividades interactivas sobre sintaxe: <http://www.xtec.cat/~jgenover/sinta.htm>
 Actividades interactivas sobre ortografía, lingua e diversidade: <http://www.xtec.cat/~jgenover/miscel.html>
 Páxina web do ITE (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nas primeiras semanas do curso académico. O seu obxectivo é proporcionar información sobre diversos aspectos do alumnado, como o seu coñecemento sobre as competencias propias da materia e a detección de alumnos con posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores á media do grupo. Esta información axudará ao profesorado a planificar as adaptacións necesarias, así como as actividades de reforzo ou ampliación se fose necesario. O método para obter esta información será observar ao alumnado na aula e realizar lecturas e algúns comentarios orais ou escritos. Tamén unha proba escrita.

CRITERIOS PARA A ACREDITACIÓN DOS COÑECEMENTOS PREVIOS Para realizar a avaliación inicial e determinar o nivel de coñecementos, destrezas e competencias do alumnado, empregárase unha proba individualizada dirixida a detectar o nivel de competencia do alumno. Así mesmo, observación das actividades da clase. Se os resultados non son satisfactorios, o Departamento de Didáctica de Lingua e Literatura Española deberá determinar as medidas que se poden adoptar. O profesor podería adaptar a metodoloxía con actividades de reforzo. Esta medida reflectirase na correspondente avaliación. No caso de que o profesorado, oído o Departamento de Orientación, considere que esta medida é insuficiente, procederase a unha adaptación curricular.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	10	10	15	10	10	10	100
Proba escrita	100	70	100	25	75	100	35	100	85	79
Táboa de indicadores	0	30	0	75	25	0	65	0	15	21

Criterios de cualificación:

Procedimiento para la evaluación continua

Con carácter general, se realizarán una o dos pruebas escritas u orales por evaluación. La decisión final del número de pruebas quedará a criterio del profesor de aula. Ello dependerá de la propia dinámica del curso y de la temporalización. Estas pruebas se calificarán de 0 a 10 puntos y se indicará en ellas la ponderación de cada uno de las preguntas que componen dicha prueba.

En caso de que tengamos algún alumno CONFINADO, se le retrasará la prueba para cuando pueda realizarla PRESENCIALMENTE. Si no pudiésemos volver a la enseñanza presencial, se realizarían por videoconferencia. Para ello el alumno deberá comprobar de antemano si dispone de los medios necesarios y con al menos una semana de antelación comunicar al centro si tiene algún problema.

Las pruebas por videoconferencia podrán ser orales o escritas.

- En las pruebas se podrá descontar hasta dos puntos de la calificación global por errores relacionados con los siguientes aspectos: carencias en la presentación correcta del examen, empleo de registros vulgares o coloquiales de la lengua, carencias en el orden lógico de la información o en la estructura de los párrafos, errores graves en la puntuación o en el uso de conectores, errores en el orden lógico de las oraciones, errores continuados en el uso de las normas ortográficas (cada error ortográfico detraerá 0,10 de la nota obtenida en las pruebas escritas). De todos modos y tal como se recoge en el acta de reunión de Departamento del 25 de octubre de 2018, los alumnos extranjeros que se hayan incorporado al centro en los últimos años y que manifiesten una buena disposición de cara a la asignatura, pero que tengan dificultades con el idioma, no se les aplicará el descuento por faltas de ortografía exactamente como figura en la programación correspondiente. En estos casos se valorará fundamentalmente el progreso del alumno y se hará un redondeo, sin cuantificar (y penalizar) con exactitud el número de faltas.

Además, se tendrá en cuenta la asistencia, puntualidad, trabajo en clase y participación en todas las actividades propuestas.

- La nota de cada una de las evaluaciones se hallará realizando la media aritmética entre los exámenes, añadiendo la parte oportuna correspondiente al trabajo realizado día a día en el aula, casa y la actitud hacia la asignatura.

- En cuanto a las recuperaciones, se realizará bien una única prueba de recuperación por cada una de las evaluaciones, en la que entrarán todos los contenidos explicados en esa evaluación, bien se incorporarán los contenidos y estándares de aprendizaje en las pruebas de las evaluaciones sucesivas o incluso, siempre a criterio del profesor, se podrán realizar pruebas de alguna parte de la materia.

La elección de un sistema u otro quedará sujeta a la decisión del profesor, en la que tendrá especial relevancia el interés por parte del alumno en mejorar y superar sus dificultades.

- De ser el caso, en junio el profesor podrá arbitrar las pruebas que estime oportuno para recuperar alguna o todas las evaluaciones para aquellos alumnos que no superen la materia evaluación a evaluación.

- La nota correspondiente a la evaluación ordinaria de junio será la media aritmética de las obtenidas en cada evaluación o la del examen final.

- No se repetirá ninguna prueba por ausencia que no sea justificada convenientemente (mediante justificante médico) y a su debido tiempo.

- La ponderación de la asignatura será de:

- 80% las pruebas escritas, u orales

- 10% el trabajo en clase, casa o a través de la plataforma Edixgal.

- 10% el libro de lectura.

- Para los alumnos de AE la ponderación será como sigue:

- 70% pruebas escritas

- 20% trabajo en clase, casa o a través de la plataforma Edixgal

- 10% libro de lectura

CRITERIOS CALIFICACIÓN DE EXÁMENES O TRABAJOS:

En dichas pruebas se tendrán en cuenta los siguientes aspectos:

Exposición coherente de las ideas.

Uso de vocabulario apropiado.

Coherencia y cohesión.

Aspectos formales: ortografía, caligrafía, márgenes,...

¿ Se considerará motivo suficiente para bajar la nota:

Exposición coherente de las ideas.

Uso de vocabulario apropiado.

Coherencia y cohesión.

Aspectos formales: ortografía, caligrafía, márgenes,...

Se considerará motivo suficiente para bajar la nota:

No expresarse con corrección, ni de forma organizada (cometer anacolutos, no acabar una frase, contradicciones, etc.)

No localizar el tema o idea principal de un texto.

No relacionar con suficientes contenidos el texto con otras ideas del autor o con un tema en concreto.

No desarrollar suficientemente los contenidos de las cuestiones teóricas.

No presentar el examen o el trabajo con letra legible, sin tachones, con buena ortografía, márgenes,...Por este último punto se podrán bajar hasta dos puntos.

Solo se repetirá un examen o se modificará la fecha de entrega de un trabajo al alumno que faltase si este presenta un justificante oficial sobre las causas de su ausencia al mismo.

Como complemento a lo recogido en el artículo o) del Plan de Convivencia del Centro: "El acto de copia de un alumno por cualquier sistema, ya sea telemático o de otro tipo, en el que esté implicado él o terceras personas, será considerada conducta gravemente perjudicial para la convivencia del centro", este Departamento puntualiza que:

Cualquier prueba de evaluación podrá considerarse suspensa, y en tal caso le corresponderá la calificación de 0, si existe constancia de que el alumno ha copiado, ha permitido que otros copiaran de su trabajo o ha participado en cualquier actividad o estrategia orientada a mejorar los resultados académicos -suyos o de otros- mediante procedimientos fraudulentos ("chuletas", intercambio de exámenes, uso de móvil, mp3, "pinganillo" o cualquier otro medio electrónico). Si no existe dicha constancia pero sí sospechas fundadas de que el alumno ha copiado (incongruencias con frases disparatadas y fallos de coherencia muy destacables en la redacción derivados de la deficiente transcripción de la audición o visión de los medios usados para copiar, preguntas teóricas perfectas calcadas de los apuntes frente a análisis de textos en blanco, realización de preguntas diferentes a las propuestas...), quedará a criterio del profesor la repetición de la prueba o su sustitución por una prueba oral que demuestre que el alumno no ha copiado. Esta prueba oral también podrá hacerse si la presentación o caligrafía de un examen hacen este ilegible.

Si en un trabajo o examen online se consultan fuentes de información pero no se citan claramente, ese trabajo o examen se considerará plagiado y llevará un cero en la calificación.

Si un alumno se encuentra mal en el día de la realización de una prueba, debe comunicarlo ANTES de ver el contenido de la misma.

Procedimientos e instrumentos de evaluación para una evaluación no superada

Podrá realizarse un examen de recuperación por evaluación que se calificará de 0 a 10, si el profesor lo estima oportuno o cree que el alumno no podría recuperar la materia con el refuerzo que se hiciese en la evaluación siguiente.

Se hará bien un examen de recuperación por evaluación que se calificará de 0 a 10, bien actividades encaminadas a la superación de los estándares no alcanzados

De ser el caso, en junio el profesor podrá arbitrar las pruebas que estime oportuno para recuperar alguna o todas las evaluaciones para aquellos alumnos que no superen la materia evaluación a evaluación. Estas pruebas podrán ser de toda la materia o solo de las partes no superadas y versará sobre los contenidos impartidos en las tres evaluaciones.

Se calculará la nota de la evaluación ordinaria haciendo la media aritmética de las tres evaluaciones y redondeando.

ADAPTACIÓN PARA LA ENSEÑANZA NO PRESENCIAL

Tanto en el supuesto de la enseñanza presencial como no presencial, el profesorado dispondrá de un aula virtual en la página del centro, donde irá poniendo a disposición de los alumnos el material necesario.

Al inicio de curso, se dedicarán una o dos sesiones de clase presencial a la explicación del funcionamiento del aula virtual, haciendo especial mención a los siguientes aspectos:

- Todos los trabajos y ejercicios presentados a través de medios telemáticos se harán preferiblemente por esta plataforma, si bien, si el profesor lo considera oportuno, podrán emplearse también otras.

- El profesor les dará un horario de aclaración de dudas y un correo electrónico. Fuera de ese horario no se contestará a ninguna cuestión.

- La entrega de trabajos ha de ceñirse NECESARIAMENTE al plazo fijado. No se admitirá ningún trabajo, ejercicio, tarea que se entregue fuera de plazo.

- Se pedirá un tratamiento correcto y un uso formal de la lengua.

- Los trabajos han de ir firmados.

SUPUESTO DE ENSEÑANZA SEMIPRESENCIAL:

En caso de que lleguemos a una situación de semipresencialidad, la clase presencial se establecerá como la prioritaria para la explicación de la materia. Las sesiones en casa se dedicarán a la realización de ejercicios.

SUPUESTO DE ENSEÑANZA NO PRESENCIAL:

En caso de que tuviésemos que confinarnos por un tiempo mayor a 15 días, el profesor establecerá una sesión de explicación a través de las plataformas virtuales, y el resto para la realización de ejercicios. Para la entrega de los mismos, nos remitimos a lo expuesto arriba.

En cualquier caso, los exámenes serán PRESENCIALES, a no ser que las autoridades sanitarias no lo permitan.

Si se diera el caso de, como mínimo, una evaluación entera con enseñanza no presencial, los porcentajes de calificación serían los siguientes:

- 60 % exámenes

- 10% libro de lectura
- 30% actividades y trabajo en casa o a través de la plataforma Edixgal

Criterios de recuperación:

Podrá realizarse un examen de recuperación por evaluación que se calificará de 0 a 10, si el profesor lo estima oportuno o cree que el alumno no podría recuperar la materia con el refuerzo que se hiciese en la evaluación siguiente.

Se hará bien un examen de recuperación por evaluación que se calificará de 0 a 10, bien actividades encaminadas a la superación de los estándares no alcanzados.

La elección de un sistema u otro quedará sujeta a la decisión del profesor, en la que tendrá especial relevancia el interés por parte del alumno en mejorar y superar sus dificultades.

De ser el caso, en junio el profesor podrá arbitrar las pruebas que estime oportuno para recuperar alguna o todas las evaluaciones para aquellos alumnos que no superen la materia evaluación a evaluación. Estas pruebas podrán ser de toda la materia o solo de las partes no superadas y versará sobre los contenidos impartidos en las tres evaluaciones.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para superar a materia do curso anterior levaranse a cabo as seguintes medidas de recuperación:

- Realización de actividades propostas polo profesor divididas en dous cuatrimestres. Deberán ser entregadas, todo máis tardar, primeira semana de xaneiro e última de marzo; se o docente non contempla outras datas.
- Realización de dous exames ao longo do curso (finais de xaneiro e finais de marzo, aproximadamente) que versarán sobre o contidos e procedementos propostos nestas actividades.
- En caso de non recuperarse a materia pendente polas vías indicadas, ou en caso de querer aspirar a unha nota maior de 5, deberá superarse una proba final (exame) sobre o currículo da materia de 1º curso. A nota final será a desta proba.

6. Medidas de atención á diversidade

Co fin de atender na medida do posible ás peculiaridades persoais do alumnado dentro do seu proceso de aprendizaxe, ao longo do curso adoptaranse medidas para proporcionar certos reforzos pedagóxicos ao alumnado que o precise, así como para programar aprendizaxes complementarias para aqueles alumnos que, polas súas especiais aptitudes, superen o nivel medio do curso en canto ao coñecemento da materia.

Como medidas de reforzo da aprendizaxe proponse as seguintes:

- Programar actividades, exercicios, etc. máis sinxelos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe; sobre todo, nos primeiros meses de clase. Deste xeito, tratamos de axudarlles a comprender aos poucos os principios esenciais para posteriormente afondar en temas máis abstractos ou complexos.
- Facilitarlles máis tempo para realizar o exame, se esta necesidade está avalada por un informe ESCRITO do Departamento de Orientación.
- Facilitarlles axuda directa naquelas actividades que se leven a cabo na aula, co fin de orientar de forma personalizada o seu proceso de aprendizaxe. Incluír no teu plan de traballo actividades sinxelas e complementarias que che permitan cubrir as lagoas conceptuais que tes.
- No traballo en grupo, organízalos de forma que estes alumnos estean distribuídos en distintos grupos, para que os compañeiros con mellor rendemento académico lles axuden na realización da súa tarefa.
- No caso de existir alumnado superdotado ou cun maior nivel de coñecementos, programaríanse medidas pedagóxicas complementarias para que estes estudantes desenvolvan o seu propio potencial de aprendizaxe. Por exemplo:
 - Lecturas dirixidas de libros ou textos de maior dificultade conceptual.
 - Actividades complementarias sobre aqueles temas que máis lles interesen.
 - Tarefas pedagóxicas dirixidas a axudar aos compañeiros que atopan maiores dificultades na materia.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos				X				
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X		X					
ET.3 - Educación cívica e en valores		X						
ET.4 - Formación estética								
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes								X
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais							X	
ET.7 - Liberdade de expresión					X	X		

	UD 9
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	
ET.2 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.3 - Educación cívica e en valores	
ET.4 - Formación estética	X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	
ET.7 - Liberdade de expresión	

Observacións:

No artigo 18 do Anteproxecto do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia establécese que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Así mesmo, promoveremos a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz, e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A materia debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os/as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.			X
Celebración de efemérides como o Día do Libro e o Día das Letras Galegas	Coa celebración destas datas, o alumnado pode realizar traballos de búsqueda de información de determinados autores e autoras. O profesorado deberá traballar en equipo con compañeiros e compañeiras doutros departamentos, polo tanto é unha actividade ideal para as tarefas cooperativas de xeito interdisciplinar.		X	
Lecturas en novos formatos dixitais. Achegamento a narrativas trasmedia	Esta proposta desenvolve competencias lectoras diferentes ás do libro impreso. A lectura dos novos xéneros dixitais como o blogue, as wikis e as redes sociais prodúcese de maneira fragmentada, cun protagonismo extraordinario do lector ou lectora, que non só interpreta o texto senón que é o creador do itinerario de lectura, apoiándose no hipertexto fronte á linealidade da lectura tradicional.			X
Creación de historias, utilizando ferramentas dixitais	Este é un recurso didáctico moi interesante. Pode orientarse a que o alumnado cree un cómic. Esta actividade serve para transformar o proceso de aprendizaxe. Ademais, facilita que se adquiren competencias como a comprensión lectora, a capacidade analítica, o traballo en equipo ou o desenvolvemento da autonomía persoal. Tamén é moi útil para abordar valores como a empatía e a autoestima.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a actividades de teatro	Un recurso que levará ao alumnado a visitar o auditorio da cidade para asistir a un espectáculo teatral.		X	
Colaboración coa biblioteca do Centro en distintos eventos.	Colaborar co equipo de biblioteca en actividades organizadas pola mesma.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Metodoloxía empregada
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.

Medidas de atención á diversidade
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Levóronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente de cursos anteriores.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.

- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados